



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
De Blas Varela, María Esther
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Simal Gándara, Jesús
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García González, Silvia
Garrote Velasco, Gil
Lavilla Beltrán, M. Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan.
Reboreda Morillo, Susana
Rivo López, Elena
Rodríguez Martínez, Francisco Javier

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
De Lorenzo Rodríguez, M^a Edita
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Balado Barciela, Adrián
González López, Raquel
Moldes Pita, Óscar
Padilha Gómez, Iago
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Estévez Orge, Marcos
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido
Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Fariñas, Beatriz

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de xullo de 2018, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 10:00 h do día **20 de xullo de 2018** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria do 23 de maio de 2018, extraordinaria do 4 de xullo de 2018 e ordinaria do 4 de xullo de 2018.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, das propostas de modificación e verificación de títulos de grao, máster e doutoramento.
4. Aprobación se procede, da delegación na COAP da aprobación da 1ª edición do curso de especialista en “Traducción para la industria del videojuego”.
5. Aprobación se precede, da autorización da defensa de tesina de licenciatura en titulacións extinguidas.
6. Toma en consideración do recurso de reposición presentado por Belén Fernández Docampo e outro profesorado do Departamento de Dereito Público Especial contra o acordo da COAP de 15/05/2018.
7. Aprobación, se procede, da modificación do calendario académico para o curso 2018/19.
8. Aprobación, se procede, da modificación do modelo de convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración suscrito entre a Universidad de Alicante, Universidad de Cádiz, Universidad Complutense de Madrid, Universidad de Extremadura, Universidad de La Laguna, Universidad de Málaga, Universidad Antonio de Nebrija, Universitat Oberta de Catalunya, Universidad Rey Juan Carlos, Universidade de Santiago de Compostela, Universidad de Sevilla e a Universidade de Vigo para a realización do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Turismo – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade da Coruña para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do Programa de Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural.
10. Elección dos membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado; Planificación e Asuntos Económicos; Investigación; e Extensión Universitaria e Estudiantes.

11. Aprobación, se procede, dos membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

12. Elección dos representantes no Consello Social: 1PDI; 1Estudante; 1PAS.

13. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria do 23 de maio de 2018, extraordinaria do 4 de xullo de 2018 e ordinaria do 4 de xullo de 2018.

Apróbanse, co cambio puramente formal que fora solicitado á Secretaría Xeral por un dos membros do Consello sobre a súa asistencia.

2. Informe do reitor.

O Sr. Reitor dá lectura a un documento sobre un cambio no Acordo das tres Universidades do SUG en canto ao procedemento de admisión aos estudos universitarios oficiais de Grao do SUG. A continuación informa sobre o desenvolvemento do Claustro do pasado mércores e felicítase pola elevada participación. Por outra banda, afirma que non hai problemas coa matrícula, que espera os froitos do futuro plan de captación do alumnado e que non haberá problemas coas titulacións. Entende que os datos de matrícula son bos en todos os campus e que se mantén un número acaído de estudantes. Amona un power point cos datos máis recentes.

O Sr. reitor fai precisións sobre a titulación en enxeñaría aeroespacial. En canto aos equipamentos novos que se precisan, fai referencia á reunión co director da Escola, onde lle pediron un prazo adicional para comprar equipamento, o que non era posible. Fíxose unha reunión para sacar por vía de urxencia os procesos de contratación, de xeito que os equipamentos estean mercados antes do 15 de decembro. En canto á instalación dos equipamentos, sinala que non hai edificio para esta titulación. Os laboratorios van estar no edificio do Campus Auga, pero non hai partida orzamentaria para a instalación dos equipamentos. Adaptouse o convenio de fin de ano a tal efecto, que se asinará previsiblemente en outubro por 1.250.000 euros aproximadamente, e que incluírá a instalación destes equipamentos o antes posible. Xa se puxo tamén sobre a mesa o problema do equipamento para enxeñaría biomédica. O profesorado de enxeñaría aeroespacial cubrirase ao inicio do curso, xa que os concursos están iniciados. A titulación baixou en demanda probablemente por estes problemas, que deben ser arranxados. Finalmente, insiste en que a necesidade dun edificio xa se comunicou ao Conselleiro.

Non hai preguntas sobre o informe.

3. Aprobación, se procede, das propostas de modificación e verificación de títulos de grao, máster e doutoramento.

O Sr. Reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen informa das propostas presentes e o procedemento a seguir, que inclúe a xuntanza do Consello Social. Hai 12 titulacións afectadas: 4 novas e 8 a modificar ou verificar. Mostra un power point que recolle as diferentes titulacións e sinala os cambios que lles afectan, comezando polas de grao e continuando polas de mestrado, que implican maiores cambios e que inclúen modificacións de títulos existentes e novas propostas, como figura na documentación adxunta a esta convocatoria. Finaliza expoñendo as modificacións e propostas relacionadas cos programas de doutoramento (modificacións: ciencia e tecnoloxía química e protección do patrimonio cultural; e novas propostas: turismo). Hai que presentar unha memoria económica e o Sr. vicerreitor expón os detalles que implica, particularmente en relación coas novas titulacións. Puntualiza que en dous dos programas de doutoramento falta a memoria xustificativa, que aínda non entregaron os coordinadores, malia que é unha cuestión de trámite. Non hai preguntas sobre este asunto. O Sr. vicerreitor agradece a dispoñibilidade dos servizos e dos coordinadores que fixeron posible que todo estivera a preparado a tempo.

Apróbanse por asentimento.

4. Aprobación se procede, da delegación na COAP da aprobación da 1ª edición do curso de especialista en “Traducción para la industria del videojuego”.

O Sr. Reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen informa sobre o curso, un título propio que comezará en setembro, polo que hai certa urxencia nos procedementos a seguir, e pide que se delegue directamente na COAP o posterior trámite ante o Consello de Goberno. O informe do servizo de posgrao reflexa unha incidencia que debe resolver a COAP e que expón o Sr. vicerreitor, relativa á porcentaxe de profesorado que ten que corresponder á Universidade de Vigo. Non hai preguntas.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación se precede, da autorización da defensa de tesina de licenciatura en titulacións extinguidas.

O Sr. reitor cede novamente a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen sinala que este asunto deriva da extinción das antigas titulacións e os prazos impostos pola propia Universidade (ata o 31 de maio de 2017, salvo Física, que é en 2018). Expón as distintas solicitudes pendentes. Tamén indica que hai un prazo máximo para a defensa do grao. O problema deriva da taxa que pagaban os alumnos, que desaparece no Decreto correspondente da Xunta, a quen se lle pediu unha solución, pero fixo caso omiso. O servizo propón diferentes opcións. A mellor parece que é permitir a lectura gratuíta dos nove estudantes que quedan, sendo a proposta que fai ao Consello de Goberno o Sr. vicerreitor de profesorado.

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Toma en consideración do recurso de reposición presentado por Belén Fernández Docampo e outro profesorado do Departamento de Dereito Público Especial contra o acordo da COAP de 15/05/2018.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Profesorado, quen expón os fundamentos do recurso, adxunto á documentación aportada a esta convocatoria. O fondo do problema é a adscrición dunha profesora ao Campus de Vigo aínda que a súa docencia íntegra está no Campus de Ourense, o que impide que saia a concurso unha praza de axudante doutor.

Intervén a Sra. Ruiz Hidalgo, director do Departamento de Dereito Público Especial para explicar por que foi desestimada a petición da solicitude da profesora no Departamento, aínda que o recurso obxecto desde punto foi apoiado unanimemente polo mesmo, e indica que non está de acordo coa normativa vixente, que considera discriminatoria e prexudicial para unha área con carga docente suficiente como para permitir a saída da praza solicitada. Debería terse en conta non só a docencia nun Campus. Sinala tamén que adscrición por campus é negativa, que os profesores forman parte de toda a Universidade de Vigo e recomenda un cambio de cara ao futuro. Por último, engade que a profesora Fernández Prol ten recoñecido por sentenza dous sexenios, con efectos económicos e académicos, o que posibilitaría a saída da praza reclamada para o segundo cuadrimestre, e solicita que a COAP o estude.

O Sr. reitor entende que moitas das observacións feitas formaban parte xa da campaña electoral. Pensa que o asunto da adscrición aos campus pode falarse no Claustro. Pero o recurso non se pode aceptar, por non estar de acordo coa normativa, aínda que persoalmente coincide no fondo con moitas das reivindicacións da Sra. Ruiz Hidalgo.

A Sra. Ruiz Hidalgo declara que vai absterse ou que votará en contra, polo inxusto da situación e a profesora Mónica Siota secunda a súa decisión.

O Sr. vicerreitor xustifica a legalidade da denegación do recurso, dado que a situación da área afectada aínda non cambiou, dando lectura ao informe da Asesoría Xurídica.

A Sra. Ruiz Hidalgo insiste en que se reiterará a solicitude da saída a concurso da praza para o segundo cuatrimestre. O Sr. vicerreitor sinala que o decidirá a COAP. Indica que os cambios de adscrición por campus non aparecen na normativa actual e que se constata un baleiro legal e encomenda a decisión á COAP.

O Sr. Bienvenido Diez indica que o teito de horas para a saída de prazas de axudante doutor é excesivamente amplo. Solicita unha normativa sobre mobilidade do profesorado e a nova definición da normativa para a saída de prazas de axudante doutor. Pensa que na medida en que haxa folgora estable debe darse a posibilidade ao profesorado de cambiar a súa adscrición.

A Sra. Ruiz Hidalgo indica que na normativa está prevista a mobilidade, pero non a adscrición por Campus. O Sr. Diez sinala que existe un precedente. Inician un debate entre ambos.

O Sr. vicerreitor indica que non é xusto que a promoción da persoa afectada de contratada doutora a titular implique un cambio de adscrición de Campus.

O Sr. reitor resume os desafíos expostos e abre a votación:

Votos a favor: 31

Votos en contra: 2

Abstencións: 4.

Queda desestimado o recurso.

7. Aprobación, se procede, da modificación do calendario académico para o curso 2018/19.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral, que expón o cambio que supuxo a entrada en vigor do artigo 13 do Decreto 68/2918 da Xunta, respecto do calendario académico previamente aprobado pola Universidade de Vigo. Tentouse acadar unha interpretación da norma que tivese o mínimo impacto, sobre a base de permitir a realización de actividades académicas non docentes na primeira semana de setembro, xunto con outros cambios menores. O Sr. reitor abre a ronda de intervencións.

Intervén o Sr. Cuíñas Gómez, director da Escola de Telecomunicacións, para manifestarse en contra da proposta por entender que a distinción entre distintos tipos de actividades académicas lle parece artificial. Manifesta o seu malestar pola situación e quéixase de que os cambios propostos no lle parecen axeitados.

O Sr. García Cutrín pregunta por que non se limitou a actuación aos estudantes de primeiro curso, xa que na súa opinión a norma o permite. E pregunta sobre as consecuencias para os centros que incumpran coa reforma proposta do calendario.

O Sr. Bienvenido Diez, representante da Xunta do PDI, intervén para manifestar o desacordo do grupo a quen representa cos cambios no calendario académico e quere transmitir o seu malestar coa situación creada polo Decreto da Xunta de Galicia.

O Sr. Óscar Moldes, representante dos alumnos, indica que non só os alumnos de primeiro se ven afectados pola incorporación á Universidade na primeira semana de clase, xa que tamén hai traslados de expedientes dende outras Universidades.

O Sr. Luis Pérez, representante da CIG, pensa que o Consello non debe votar en contra dun acordo anterior, sobre a base da doutrina dos actos propios, pero que hai que cumprir coa normativa imposta pola Xunta.

O Sr. Xan Cebro intervén para sinalar que este foi un problema debido a falta de dilixencia do anterior equipo e que non se pode facer moito máis, xa que o cambio proposto minimiza o impacto da norma.

A Sra. Ruiz Hidalgo indica que a doutrina dos actos propios non se aplica neste caso.

O Sr. Reitor pide desculpas polos inconvenientes causados por esta situación e dá paso á votación.

Votos a favor: 40

Votos en contra: 0

Abstencións: 6

Apróbase a modificación do calendario (**Anexo I**).

8. Aprobación, se procede, da modificación do modelo de convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral, que sinala que o cambio obedece ás imposicións da nova normativa sobre tratamento de datos e que foi suxerido polo delegado de Protección, recentemente nomeado pola Universidade de Vigo.

Apróbase a modificación por asentimento.

9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración suscrito entre a Universidad de Alicante, Universidad de Cádiz, Universidad Complutense de Madrid, Universidad de Extremadura, Universidad de La Laguna, Universidad de Málaga, Universidad Antonio de Nebrija, Universitat Oberta de Catalunya, Universidad Rey Juan Carlos, Universidade de Santiago de Compostela, Universidad de Sevilla e a Universidade de Vigo para a realización do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Turismo – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade da Coruña para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do Programa de Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural.

O Sr. reitor indica que este é un trámite habitual e o Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado indica que se refire aos títulos aprobados no punto 3.

Apróbanse os convenios por asentimento.

10. Elección dos membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado; Planificación e Asuntos Económicos; Investigación; e Extensión Universitaria e Estudantes.

O Sr. reitor expón a normativa correspondente que regula este tipo de eleccións. Dá lectura aos membros presentados para as distintas comisións. Na maioría coinciden o número de candidatos co número de prazas, polo que non é necesaria a votación, quedando algunhas prazas vacantes.

Segundo o artigo 18 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno estas comisións están integradas por:

- 5 docentes garantindo, na medida do posible, a presenza de docentes ou persoal investigador non pertencentes ao sector do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade.

- 2 persoas representantes do alumnado

- 1 membro do PAS

- 1 persoa do Consello Social.

Garantirase que na medida do posible no conxunto dos membros estean presentes tódolos campos de coñecemento, así como unha composición equilibrada entre homes e mulleres.

Procédese a dar lectura ás candidaturas presentadas as comisións:

COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO

As candidaturas presentadas son:

PDI-A:

- Collazo Fernández, Antonio (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Cuiñas Gómez, Íñigo (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Rivo López, Elena (Campus de Ourense, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)
- Rubio Armesto, María Belén (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Científico)

PDI-B

- Ferreiro Vázquez, Oscar (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Humanidades)

ESTUDANTES

- Gómez Fariñas, Beatriz (Campus Vigo, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)
- González López, Raquel (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)

PAS

Non se presentaron candidaturas polo que queda unha vacante neste sector.

Dado que se presentaron o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir en todos os sectores, agás no sector PAS, non é necesario realizar eleccións.

COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN E ASUNTOS ECONÓMICOS

As candidaturas presentadas foron:

PDI-A:

- Cuevas Alonso, Miguel (Campus de Pontevedra, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)
- Ferro Soto, Carlos Antonio (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)
- Gómez Rodríguez, Alma María (Campus de Ourense, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Lavilla Beltrán, María Isela (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Científico)

PDI-B

- González Santamaría, Pedro (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)

ESTUDANTES

- Padilha Gómez, Iago (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)

Neste sector queda unha vacante.

PAS

- Cebro Rodríguez, Xoán M.
- Mollinedo Lois, Carlos

Nesta comisión só é necesario realizar eleccións polo sector PAS, xa que no sector PDI se presentaron o mesmo número de candidaturas que de postos a cubrir e no sector estudantes queda unha vacante.

COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN

As candidaturas presentadas foron:

PDI-A

- Gil Garrote Velasco (Campus de Ourense, ámbito de coñecemento Científico)
- Pazos Armas, José Juan (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Porteiro Fresco, Jacobo (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Reboreda Morillo, Susana (Campus de Ourense, ámbito de coñecemento Humanístico)

PDI-B

- Torres Outón, Sara M^a (Campus de Pontevedra, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)

ESTUDANTES

- Rico Fuentes, Juan Jesús (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)

Queda vacante un posto

PAS

Queda vacante un posto

Nesta comisión non é necesario celebrar eleccións, xa que hai o mesmo número de candidaturas que de postos a cubrir, agás no sector de estudantes e de PAS que queda una vacante.

COMISIÓN DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E ESTUDANTES

As candidaturas presentadas foron:

PDI-A

- Paz Penín, Concepción (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)

PDI-B

- Currás Valle, Consuelo (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)

No sector PDI quedan 3 vacantes.

ESTUDANTES

- Balado Barciela, Adrián (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Romero Sánchez, Danae (Campus de Pontevedra, ámbito de coñecemento Humanístico)

PAS

Queda unha vacante no sector PAS

Non é preciso celebrar eleccións, xa que presentaron menos candidaturas que postos a cubrir.

11. Aprobación, se procede, dos membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

O Sr. reitor indica que esta comisión estará presidida polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado D. Manuel Ramos Cabrer, xunto con:

- 6 docentes con vinculación permanente á universidade, garantido a presenza de un por cada ámbito científico e dos que 4 terán que posuír o título de doutor ou doutora. As candidatas-deberán ser avalados, polo menos, por dez membros do Consello de Goberno.
- 1 representante dos estudantes.

As candidaturas presentadas foron:

PDI-A

- Fernández Vilariño, M^a Ángeles (Ámbito Xurídico-Social)
- García Cutrín, Francisco Javier (Ámbito Científico)
- Martínez Hens, Elena (Ámbito Xurídico-Social)
- Rodríguez Barcia, Susana (Ámbito Humanístico)
- Rodríguez Domínguez, M^a del Mar (Ámbito Xurídico-Social)
- Rodríguez Martínez, Francisco Javier (Ámbito Tecnolóxico)

ESTUDANTES

Non se presentaron candidaturas polo que queda unha vacante.

12. Elección dos representantes no Consello Social: 1PDI; 1Estudiante; 1PAS.

As candidaturas presentadas foron:

PDI

- Martín Moreno, José M^a

ESTUDANTES

- Moldes Pita, Óscar

PAS

- Cebro Rodríguez Xoán
- Mollinedo Lois, Carlos

O Sr. reitor indica que hai que celebrar eleccións no sector PAS, xa que se presentaron 2 candidaturas e só hai un representante.

Dado que hai eleccións no sector PAS para a Comisión de Ordenación Académica e Profesorado e para o Consello Social, danse 5 minutos para votar.

Unha vez rematado o reconto, infórmase de que as comisións quedan constituídas como segue:

Comisión de Organización académica e Profesorado

Constituída e presidida polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado: D. Manuel Ramos Cabrer

PDI-A:

- Collazo Fernández, Antonio (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Cuiñas Gómez, Íñigo (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Rivo López, Elena (Campus de Ourense, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)
- Rubio Armesto, María Belén (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Científico)

PDI-B

- Ferreiro Vázquez, Óscar (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Humanidades)

ESTUDANTES

- Gómez Fariñas, Beatriz (Campus Vigo, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)
- González López, Raquel (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico).

Comisión de Planificación e Asuntos Económicos

Constituída polos vicerreitores de Planificación e Sostibilidade, D. José Luís Míguez Tabarés e polo de Economía, D. José María Martín Moreno. A preside o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade.

Xerente: Dna. Raquel Souto García

PDI-A:

- Cuevas Alonso, Miguel (Campus de Pontevedra, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)
- Ferro Soto, Carlos Antonio (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)
- Gómez Rodríguez, Alma María (Campus de Ourense, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Lavilla Beltrán, María Isela (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Científico)

PDI-B

- González Santamaría, Pedro (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)

ESTUDANTES

- Padilha Gómez, Iago (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)

PAS

- Cebro Rodríguez, Xoán M.: 2 votos.
- Mollinedo Lois, Carlos: 1 voto.

O representante do PAS é D. Xoán Cebro Rodríguez.

Comisión de Investigación

Estará constituída e presidida pola vicerreitora de Investigación: Dna. M^a Belén Rubio Armesto.

PDI-A

- Gil Garrote Velasco (Campus de Ourense, ámbito de coñecemento Científico)
- Pazos Armas, José Juan (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Porteiro Fresco, Jacobo (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Reboreda Morillo, Susana (Campus de Ourense, ámbito de coñecemento Humanístico)

PDI-B

- Torres Outón, Sara M^a (Campus de Pontevedra, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)

ESTUDANTES

- Rico Fuentes, Juan Jesús (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)

Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes

Constituída polos vicerreitores e vicerreitoras de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, Dna. Natalia Caparrini Marín, de Internacionalización, D. Jesús Simal Gándara, e de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación, Dna. M^a Isabel Doval Ruiz. Preside a comisión a vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.

PDI-A

- Paz Penín, Concepción (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)

PDI-B

- Currás Valle, Consuelo (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Xurídico-Social)

ESTUDANTES

- Balado Barciela, Adrián (Campus de Vigo, ámbito de coñecemento Tecnolóxico)
- Romero Sánchez, Danae (Campus de Pontevedra, ámbito de coñecemento Humanístico)

Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

Esta comisión estará presidida polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, D. Manuel Ramos Cabrer.

PDI-A

- Fernández Vilariño, M^a Ángeles (Ámbito Xurídico-Social)
- García Cutrín, Francisco Javier (Ámbito Científico)
- Martínez Hens, Elena (Ámbito Xurídico-Social)
- Rodríguez Barcia, Susana (Ámbito Humanístico)

- Rodríguez Domínguez, M^a del Mar (Ámbito Xurídico-Social)
- Rodríguez Martínez, Francisco Javier (Ámbito Tecnolóxico)

ESTUDANTES

Non se presentaron candidaturas, polo que queda unha vacante.

Representantes no Consello Social: 1PDI; 1Estudante; 1PAS.

PDI

- Martín Moreno, José M^a

ESTUDANTES

- Moldes Pita, Óscar

PAS

- Cebro Rodríguez Xoán: 2 votos.
- Mollinedo Lois, Carlos: 1 voto.

O representante do PAS é D. Xoán Cebro Rodríguez.

13. Rogos e preguntas.

A Sra. Mónica Siota pregunta polo proxecto de universidade privada de Abanca, anunciado no último Claustro. O Sr. reitor indica que se presentará neste mes ante as autoridades competentes, pero que non lle consta que existan informes da ACSUG nin da Consellería. O Sr. reitor reclamará neste asunto o escrupuloso cumprimento da Lei, e que as titulacións non sexan desgaxadas da Universidade de Vigo sen máis, xa que deben superar o correspondente proceso de acreditación, como sinala a Lei.

O Sr. Xan Cebro felicita ao Sr. reitor por permitir preguntas e aclaracións previas, dando a benvida á nova xerente, á que felicita polo seu manexo da lexislación. Quéixase de que se reclamen distintos contrasinais nas diferentes aplicacións informáticas. En relación coa Xerencia, fala dos problemas de reincorporación do PAS despois dunha excedencia. Por último, fala sobre o problema da RPT e do recurso existente contra a Universidade, que pensa que van gañar os demandantes, reclamando que no futuro a reforma da RPT se faga doutro xeito.

O Sr. reitor agradece a intervención do Sr. Cebro e cede a palabra á xerente, quen agradece así mesmo a louvanza. O Sr. reitor pide paciencia coa reforma das aplicacións informáticas e amósase disposto a traballar no asunto da RPT, que considera urxente, aínda que admite a súa complexidade. Continúa sinalando os problemas que xorden da nova páxina web e defende a internacionalización da Universidade. En relación cos problemas da RPT actual, admite que el votou en contra nas negociacións anteriores e que espera poder solucionar, xunto coa xerente, as situacións causadas.

O Sr. Óscar Moldes reclama que desaparece da web a parte relativa a “Uvigo en cifras”, que actualmente non está habilitada, e manifesta a necesidade dun rexistro dixital. Intervén o Sr. vicerreitor de Planificación para comentar os prazos previstos para implantar a administración electrónica na Universidade de Vigo.

O Sr. Adrián Balado comenta que o curso comeza en setembro e que non está resolto o asunto do logo da Universidade de Vigo, para poder ofertar produtos da Universidades ao alumnado estranxeiro e profesorado visitante. Intervén a Sra. vicerreitora de Comunicación para expoñer o estado da cuestión, aínda que o Sr. reitor afirma que non foi certamente unha prioridade, ante outros asuntos máis urxentes. Procurará deseñar algún tipo de produto para comercializar de cara ao inicio de curso. O Sr. Balado pregunta polos criterios de avaliación por compensación, concretamente, pola posibilidade de recurso ante o reitor, que desapareceu na nova normativa. O Sr. reitor indica que se fará o estudo correspondente, preguntando á Asesoría Xurídica.

O Sr. Bienvenido Diez intervéñ para indicar que a Xunta de PDI, salvo unha abstención, está en desacordo coa transmisión de información aos sindicatos dos distintos proxectos normativos que foron levados ao Claustro. Pregunta polas pagas extras prometidas durante a campaña e ofrécese para que se conte coas mesas de negociación. O Sr. reitor informa sobre as negociacións coa Xunta de Galicia, particularmente sobre a masa salarial. En canto á transmisión da información, informa sobre o que aconteceu no Claustro sobre a retirada de dous puntos da orde do día que fora solicitada. Indica que haberá garantía absoluta no cumprimento dos mecanismos sobre a transmisión de información.

A Sra. Carmen Ruiz bota en falla un boletín oficial de publicacións da Universidade de Vigo. Dá parte das preguntas de varios contratados doutores sobre a posibilidade que podan pasar a ser titulares interinos.

O Sr. reitor responde que lle parece unha boa idea o Boletín Oficial de Publicacións. O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado indica que a Xunta non autoriza o paso solicitado sen consumir taxa de reposición.

A Sra. Silvia Dopico protesta polo atasco na matrícula de primeiro, motivado polas enquisas previstas nas aplicacións informáticas, que provoca chamadas ás secretarías dos centros. Expón que no ámbito internacional están sobrecargados, e tamén na ORI e nos decanatos, onde se reciben queixas de estudantes polo incremento e a variedade de destinos. Reclama solucións a estes problemas, incluíndo as prácticas e a xestión de convenios. Finaliza dicindo que os profesores implicados en xestión atópanse sobrecargados e que incluso se pide un titor académico para a incorporación dos bolseiros informáticos.

O Sr. reitor responde que existe a necesidade de formación dos bolseiros, pero que hai que pensar no problema.

O Sr. Xoán Cebro fai referencia ás prazas de xestor que existían nos campus de Ourense e Pontevedra, que tramitaban as bolsas, e que desapareceron coa nova RPT, así como na ORI, cos correspondentes problemas para os usuarios destes campus. Remata falando da situación do rexistro de Torrecedeira.

O Sr. reitor indica que hai que estudar con calma a situación da RPT, aínda que certas cousas sexan urxentes.

Intervén o Sr. vicerreitor de Internacionalización para indicar certos cambios necesarios que afectan a diversos aspectos, como é a negociación dos convenios. Menciona os problemas de persoal da ORI.

O Sr. Juan Pardo comenta que non hai normativa que regule a avaliación curricular e quéixase do problema relativo aos recursos. Mantén que debe abordarse unha reforma desta normativa, pola súa importancia, para as distintas ensinanzas, polo ben do alumnado. Aproveita para falar da necesidade dun código ético.

O Sr. reitor sinala que o código ético debe abranguer todos os aspectos, non só os relativos á investigación, e sinala que o artigo 24 dos novos Estatutos establece que as decisións dos órganos da Universidade son susceptibles de recurso ante o reitor.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:05 h do día 20 de xullo de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez